

**PROXECTO
LINGÜÍSTICO DO
CENTRO
2018-2022**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. MARCO LEGAL.....	5
3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.....	5
• Localización do centro.....	5
• A situación sociolingüística.....	6
○ Contorna sociolingüística do centro.....	7
○ Situación do profesorado.....	7
○ Situación do alumnado.....	7
○ Situación lingüística do centro.....	7
4. OBXECTIVOS.....	8
5. ACTIVIDADES.....	9
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.....	11
• 6.1.Humanos.....	11
• 6.2.Materiais.....	11
7. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS AULAS.....	12
• 7.1.Educación infantil.....	12
• 7.2. Educación primaria.....	14

8. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	15
• 8.1.Actividade docente.....	15
○ 8.1.1.Educación infantil.....	15
○ 8.1.2.Educación primaria.....	16
• 8.2. Unificación de criterios no tratamento das linguas en ed. infantil e primaria.....	17
9. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS.....	28
10. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.....	29
11. AVALIACIÓN.....	30
12. ANEXO	31

1.- INTRODUCCIÓN

Como ben se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que tod@s teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Este Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) pretende concretar as actuacións específicas deste curso en materia de dinamización lingüística. O Proxecto Educativo (PE) determina as estratexias que ten que seguir a comunidade educativa do CEIP Plurilingüe de Outes, en función das súas características, para contribuír a lograr a plena normalización da nosa lingua.

A elaboración deste Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) xorde, ademais da lexislación vixente, da necesidade de dispoñer do marco idóneo que posibilite o uso do galego como lingua vehicular da aprendizaxe e de toda a comunicación do centro, para contrarrestar o grave retroceso que a nosa lingua sofre por diferentes circunstancias: a implacable influencia dos medios de comunicación moi maioritariamente en castelán, o cada vez máis reducido uso social que se fai da nosa lingua (a perda de falantes nos últimos anos é constatable polas estatísticas oficiais), o menor prestixio do que goza a nosa lingua fronte ao castelán, etc...

Cómpre que o galego se converta nunha lingua habitual nas relacións entre alumnado e profesorado, nas comunicacións internas e externas e que sexa o medio habitual para realizar o proceso de ensino-aprendizaxe. Por isto mesmo, o Proxecto Lingüístico ten que ser unha ferramenta integradora para todas aquelas persoas que non dominen a lingua galega.

2.-MARCO LEGAL.

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2015/2016 deixa de estar en vigor o D. 130/2007.
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3.-O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.

- **Localización do centro.**

O CEIP Plurilingüe de Outes atópase situado á beira do Río Tines, na capital do Concello, na rúa Praza de Galicia. Acoden ao Centro nenos/as da Serra e das parroquias de San Tirso de Cando, Santa María de Entíns, San Xoán de Sabardes, San Lourenzo de Matasueiro, San Pedro de Outes, San Xoán de Roo, San Cosme de Outeiro, Santo Ourente de Entíns, San Xíán de Tarás e San Miguel de Valadares, así como dos lugares de Couso (Negreira) e Fontemourente (Mazaricos).

O centro adscíbese ao IES Poeta Añón situado tamén na Serra de Outes.

O Concello de Outes radica no fondo da Ría de Muros e Noia e ten unha extensión duns 100 Km², agrupando dez parroquias. Cunha poboación de 6.514 habitantes que tende a concentrarse no litoral, nos núcleos próximos á costa, sendo os da Serra con arredor de 2.400 habitantes, O Freixo cuns 1.500 e Roo con preto de 1.000 os máis poboados.

O desenvolvemento económico do concello baséase na agricultura, gandería, pesca e marisqueo, así como no comercio e na industria madeireira. O nivel de actividade económica da contorna pódese considerar medio-baixo. Constatándose un progresivo aumento do sector servizos e da construción, fronte á diminución do sector primario e con elevados índices de desemprego xuvenil.

O reparto da actividade económica na zona de influencia do Centro é aproximadamente como segue:

- Agricultura e gandería10,65%
- Industria (fundamentalmente madeireira)13,9%
- Construción20,30%
- Pesca e marisqueo23%
- Servizos32%

Nas familias do alumnado a comunicación realízase fundamentalmente en galego.

Así mesmo, como hai unha porcentaxe moi elevada de profesorado que vén novo para o centro, nos primeiros meses do curso e tras a actualización e/ou realización da correspondente avaliación psicopedagóxica e determinación de necesidades, terán lugar entrevistas individuais coas familias do alumnado NEAE para coñecer información relativa ao mesmo e para informarlle do que se observou e das medidas que se tomarán para compensar ditas dificultades, intentando manter unha colaboración frecuente e continuada no tempo.

➤ **A situación sociolingüística**

• **Contorna sociolingüística do centro**

En canto ao contexto sociolingüístico do centro vemos que está situado nunha contorna na que predomina o galego na maior parte dos lugares das parroquias que forman o concello. Neste punto tamén destacan diversas asociacións e institucións que teñen o galego como lingua habitual.

• **Situación do profesorado**

O profesorado ten un dominio global axeitado do galego como lingua de aprendizaxe e de relación.

• **Situación do alumnado**

No referente a esta situación, vemos que a presenza do galego é moi significativa. O contexto no que vive o alumnado é, nunha alta porcentaxe, de galegofalantes, aínda que cómpre salientar un sector reducido de castelánfalantes residentes na súa maioría na Serra de Outes. Ao atoparnos nun medio maioritariamente galegofalante, explica que a medida que ascendemos nos niveis educativos en educación primaria, aumenten os/as nenos/as que falan galego, tanto dentro como fóra das aulas. Polo tanto, a lingua usada habitualmente é o galego.

• **Situación lingüística do centro**

No tocante ao ambiente lingüístico do centro, o galego está presente nas actividades diarias do mesmo: nas titorías, nas comunicacións coas familias, co alumnado e coas institucións dentro da propia Comunidade Autónoma, nas entrevistas persoais, na documentación administrativa para Galicia, nas programacións e outros documentos didácticos (agás nas doutras linguas que deberán redactarse na lingua respectiva) e nas notas informativas. De todos modos, se houbera que comunicarse con institucións, administracións... doutras Comunidades Autónomas ou con órganos da Administración do Estado a lingua oficial sería a castelá.

4.-OBXECTIVOS

- Potenciar o uso da Lingua Galega, dinamizándoa, dentro da Comunidade escolar.
- Coordinar diferentes actividades, xunto cos coordinadores/as do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e a/o do Proxecto de Plurilingüismo e Plurinfantil, así como co coordinador/a do Equipo de biblioteca do propio centro.
- Empregar distintos medios técnicos como instrumentos para a difusión das nosas actividades a prol da Lingua Galega, fomentando o uso das TIC.
- Realizar determinadas actividades como: os almanaques ou os marcadores, de forma conxunta, co outro centro educativo do Concello, o IES Poeta Añón, e/ou outras que poidan xurdir.
- Contribuír no proceso de dinamización sociocultural e comunitario con entidades do Concello como poden ser: o Centro Social, o Centro Ocupacional de Valadares, o CIM e/ou o Centro de Día, tratando de comunicar e relacionar dúas etapas vitais tan distantes no tempo como son a infancia e a terceira idade.
- Aportar ideas / propostas de actividades de interese para o alumnado e profesorado do centro ás/aos responsables da Casa da Cultura e da Biblioteca municipais, de xeito que as poidan ter en conta na súa organización interna.
- Continuar potenciando o achegamento a oficios e/ou actividades artísticas en risco de desaparición.
- Facer andainas coa finalidade de recoñecer a contorna e convivir con nenos/as do mesmo nivel e/ ou doutros, así coma cos mestres/as.
- Recuperar o “Pampallín”, polo menos en E. Infantil e nos primeiros niveis de E. Primaria (1º, 2º).
- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.

- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura na zona: exposicións, festexos, revistas,...
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.
- Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.

5.-ACTIVIDADES.

- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs...
- Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna.
- Informar ao profesorado en xeral sobre lugares de interese na nosa contorna e programar visitas para estes.
- Promover pequenos roteiros de sendeirismo por lugares próximos ao centro

(ruta dos muíños ao longo do río Tines, Ponte do Ruso, estaleiros do Freixo, paseo de Broña, pazo do Tambre...)

- Visitas didácticas pola contorna atendendo ao interese paisaxístico, artístico, etnográfico, cultural e mesmo económico.
- Revisión e corrección de comunicados, cartas, etc. por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial.
- Divulgar entre o profesorado o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o resto da lexislación.
- Celebración das diferentes festas de tradición popular, previa explicación e significado de cada unha delas:
 - Samaín a finais de outubro, con exposición de cabazas e concursos.
 - Magosto arredor do San Martiño, degustación das castañas.
 - San Martiño coa semana do trompo, xornada de xogo.
 - Nadal, elaboración de postais e almanaques. As postais entregaráselle ás/aos usuarias/os do Centro de Día e así felicitarlle as festas.
 - Día da Paz, actividades que permitan o desenvolvemento de contidos relativos á paz.
 - Entroido, elaboración de murais, carautas, xornada de disfraces....
 - As Letras Galegas, realización de marcadores en colaboración co IES Poeta Añón, de actividades dunha unidade didáctica sobre o escritor/a homenaxeado/a...
- Recompilación de cantigas, contos, ditos, lendas, refráns, sortes, vocabulario, receitas da contorna.
- Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego, sobre todo os que teñan lugar no propio concello.
- Posta en práctica de xogos populares, tradicionais e autóctonos en colaboración con outros centros da contorna.
- Promover a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, de ilustradores e contacontos sempre en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca do centro (2º ano do PLAMBE).

- Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as.
- Adquisición de dicionarios bilingües, ortográficos, de sinónimos... e de gramáticas e léxico galego.
- Realización de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.
- Continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.
- Recuperar o “Pampallín”, coa correspondente recolleita en diferentes leiras da contorna para logo elaborar pulseiras e colares (30 de abril).

6.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

6.1. HUMANOS

- Todo o profesorado do centro.

Colaboración con:

- ANPA.
- Concellalía de Educación, Cultura e Deportes do Concello de Outes.
- Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Outros centros educativos da zona e outros equipos da dinamización da lingua galega.

6.2. MATERIAIS

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias...
- Ludoteca.
- Bibliotecas de aula.
- Aula de audiovisuais con retroproyector, canón, pantalla.
- Un ordenador, proyector e pantallas con conexión a internet en todas as aulas de primaria e E. Infantil.

Algunhas aulas teñen encerado dixital.

- Aula de informática con ordenadores e con conexión a Internet, canón.
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Taboleiro de anuncios.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galegas.

7. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS AULAS

Na nosa contorna galegofalante o reto segue a ser que o alumnado consolide unha competencia plena na súa lingua materna, non abandonen o seu uso e que acaden unha boa competencia a nivel oral e escrito. Así mesmo é fundamental que adquiran tamén unha competencia plena na outra lingua oficial, tanto a nivel oral como escrito. Consideramos ademais que a introdución da segunda lingua (no noso caso, a lingua castelá) debe ser inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escrita, aspecto a ter en conta sobre todo na Educación Infantil.

7.1. Educación Infantil.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro, na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará, no momento da matrícula aos pais, nais, tutores/as ou representantes legais do alumno/a de 4º de Educación Infantil, sobre a lingua materna do seu fillo/a. (Ver anexo).

A segunda lingua, o castelán, será introducida paulatinamente con actividades tipo como as que se relacionan a continuación:

Xogos interactivos

Os típicos xogos de toda a vida, como "Aserrín aserrán", "Este fue a por leña..." ou "Gatito misito", nos que se combinan as rimas, os xestos e o/a pequeno/a ten que responder ou continuar unha frase, son moi bos para fomentar a comunicación.

Debuxos e fotos

Ver e comentar co alumnado, debuxos e fotos de obxectos cotiáns serve para ampliar o seu vocabulario na lingua castelá. Ademais do debuxo, tamén podemos mostrarlles o obxecto real, para que a asociación entre a palabra e o obxecto que representa sexa máis potente. Tamén se poden utilizar fotos de familiares para que o/a pequeno/a identifique e recoñeza os termos da familia en castelán: a mamá, o papá ou os avós.

Contos

Utilizar contos adaptados á idade do neno/a. As actividades que se poden desenvolver ao redor dun conto son moi variadas: poden manexalos e lellos eles mesmos, escoitar como llos contamos, ou podémoslle preguntar onde está un obxecto concreto nas ilustracións (utilizamos o material da biblioteca posto que contamos con moitos libros en castelán).

Mastigar e sacar a lingua

Para desenvolver a linguaxe oral, é fundamental que o/a neno/a faga exercicios de articulación e pronunciación. Tamén se pode xogar a "las visitas de la Sra. Lengua"; mediante consignas sinxelas e divertidas para que os pequenos/as exerciten toda a musculatura que inflúe na fala: "Ahora la Sra. Lengua va a visitar la nariz; ahora quiere ir a la casa de Doña Oreja Izquierda".

Monicreques e marionetas

As actividades de teatro son moi interesantes como forma de comunicación, tanto polo interese que espertan como polo desexo de contestarlles. Outra forma de introducir o castelán é organizar xogos de disfraces e de dramatizacións.

Con todo iso pretendemos contribuír á mellora da competencia lingüística nas

linguas oficiais da comunidade desde a Educación Infantil, fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

7.2. Educación Primaria.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As linguas nas que se impartirán as diferentes áreas reflíctense no cadro adxunto. É importante destacar que segundo as Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia expón: *“O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudiantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia”*.

8. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

8.1.ACTIVIDADE DOCENTE.

No presente curso académico, 2018/19, tendo en conta a normativa vixente xa citada, as linguas nas que se impartes as diferentes áreas quedan do seguinte xeito:

8.1.1. E. INFANTIL.

3 anos

- Lingua vehicular: a galega.
- Lingua estranxeira: a inglesa.

4 anos

- Lingua vehicular: a galega.
- Lingua estranxeira: a inglesa.

5 anos

- Lingua vehicular: a galega.
- Lingua estranxeira: a inglesa.

No presente curso, trala aprobación do Programa de Plurinfantil para a etapa educativa de E.Infantil, impartirase 1 sesión semanal (en cada unha das aulas) dunha área non lingüística, que abordará contidos plásticos e audiovisuais dentro da área de Linguaxe, comunicación e representación.

8.1.2. E. PRIMARIA

1º Nivel/ 2º Nivel

ÁREA/LIN-GUA	GALEGA	GALEGA	CASTELÁ	CASTELÁ	INGLESA	INGLESA
	1º NIVEL	2º NIVEL	1º NIVEL	2º NIVEL	1º NIVEL	2º NIVEL
LINGUA	4	4	4	4	2	2
CC.NATU-REZA	2	2				
CC. SOCIAIS	3	2				
MATEMÁTICAS			5	5		
MÚSICA	1	1				
PLÁSTICA					1	1
RELIXIÓN/V.S.C		2	1			
E. FÍSICA	2			2		
TOTAL	12	11	10	11	3	3

3º Nivel / 4º Nivel

ÁREA/LIN-GUA	GALEGA	GALEGA	CASTELÁ	CASTELÁ	INGLESA	INGLESA
	3º NIVEL	4º NIVEL	3º NIVEL	4º NIVEL	3º NIVEL	4º NIVEL
LINGUA	4	4	4	4	3	3
CC.NATUREZA	3	2				
CC. SOCIAIS	2	2				
MATEMÁTICAS			4	4		
MÚSICA	1	1				
PLÁSTICA					1	1
RELIXIÓN/A.E			1	1		
E. FÍSICA		2	2			
LIBRE CONFIGURACIÓN				1		
TOTAL	10	11	11	10	4	4

5º Nivel / 6º Nivel

ÁREA/LIN-GUA	GALEGA 5º NIVEL	GALEGA 6º NIVEL	CASTELÁ 5º NIVEL	CASTELÁ 6º NIVEL	INGLESA 5º NIVEL	INGLESA 6º NIVEL
LINGUA	4	3	4	3	3	3
CC.NATURE-ZA	2	2				
CC. SOCIAIS	2	3				
MATEMÁTICAS			5	5		
MÚSICA	1	1				
PLÁSTICA					1	1
RELIX./ A.E			1	1		
E. FÍSICA	2			2		
LIBRE CONFIGURACIÓN		1				
TOTAL	11	10	10	11	4	4

Observación: Se a nova materia que se vai impartir como de Libre configuración é unha sesión máis das xa existentes, impartirase na lingua na que se desenvolve esa materia, procurando respectar o equilibrio entre a lingua galega e a castelá.

8.2. UNIFICACIÓN DE CRITERIOS NO TRATAMENTO DAS LINGUAS EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

No 2º ciclo de EI danse dúas realidades diferentes a nivel lingüístico e así, aínda que maioritariamente o noso alumnado é galegofalante, hai un grupo de nenos/as que teñen como lingua materna o castelán.

O obxectivo que se persegue é común: que o alumnado manteña unha boa competencia na lingua familiar (L1) e que, progresivamente, adquira unha competencia suficiente na outra lingua oficial(L2) ; pero cómpre sinalar que a súa concreción será diferente en cada un dos casos e requirirá actuacións diferentes.

Nos niveis onde a lingua materna predominante é o galego, o noso obxectivo será que o alumnado manteña a competencia e o uso habitual desta lingua e que consolide a competencia que xa ten do castelán. Para iso o mestre/a utilizará de xeito habitual o galego e tamén se desenvolverá neste idioma o proceso de preparación para a lectura e escritura. Ademais, realizaranse algunhas actividades en castelán: lectura de contos, escoita e aprendizaxe de cancións ... que favorecerán a aprendizaxe deste idioma e, ao tempo, axudarán a identificar tanto os aspectos comúns a ambas linguas románicas como aqueloutros que as diferencian.

No nivel onde a lingua inicial sexa o castelán, o obxectivo é exactamente o mesmo aínda que, tendo en conta que o coñecemento do galego ao comezo da escolarización pode ser mínimo para algún alumnado (caso do procedente do estranxeiro) porase énfase no desenvolvemento da competencia neste idioma. Inicialmente, o mestre/a comezará facendo actividades de lectoescritura en castelán e, progresivamente irá desenvolvéndoas en galego, facendo fincapé nas especificidades propias de cada lingua.

No tocante á lingua estranxeira, utilizarase exclusivamente esta nas idades máis temperás.

Na etapa de EI é esencial a dimensión oral da lingua. Para potenciala, crearase na aula un clima de confianza e afecto marcado pola tolerancia, o respecto mutuo e a comprensión. Favorecerase, ademais, a participación activa dos nenos/as, promovendo neles a curiosidade e o desexo de aprender e o gusto por descubrir, utilizando a asemblea como un espazo de convivencia no que cadaquén se sinta a gusto para achegar o que el pensa, sente, sabe... ao grupo sen medo ao erro; e dende o respecto á diversidade da aula. Nesta liña, realizaranse actividades de estimulación da linguaxe oral a través das rutinas diarias e mediante o xogo, e outras de desenvolvemento das estruturas lóxicogramaticais a través dun programa específico.

En canto á preparación para a lectoescritura realizarase na lingua materna do alumnado e aproveitarase a proximidade dos dous códigos e a transferencia que se produce nas aprendizaxes, trasladándoas dunha lingua á outra.

É fundamental nesta etapa motivar aos nenos/as cara á lectura. Para iso crearase na aula o recuncho da biblioteca, acudirse á biblioteca de centro de xeito periódico, adicarse parte do horario diario ao relato de contos e

actividades relacionadas co mesmo: dramatización, teatro de monicreques... e á memorización de poesías, sertas e adiviñas, para achegar ao alumnado ao mundo da literatura.

No tratamento do proceso lectoescritor considérase fundamental establecer unha serie de pautas comúns co 1º ciclo de Primaria para a ensinanza e aprendizaxe do devandito proceso. Este aparece amplamente detallado na programación do 2º ciclo de EI, onde se reflicten os principios metodolóxicos na aprendizaxe da lectoescritura e se describe, polo miúdo, as estratexias didácticas empregadas.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS NA APRENDIZAXE NA LECTOESCRITURA

Segundo o exposto anteriormente no Segundo Ciclo de Educación Infantil teremos en conta as seguintes decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía para o ensino e a aprendizaxe da lectoescritura.

O/a neno/a non é un ser illado, é un ser social que necesita doutros, por iso a linguaxe oral é un factor determinante para o seu desenvolvemento persoal, a súa madurez e o seu carácter e personalidade futura e sobre todo para a súa integración social e éxito escolar.

O proceso da lectura e a escritura vai dende o coñecemento das letras, sílabas, palabras ata as frases, xogando un papel moi importante a comprensión xa que, se non se dá este paso, o/a neno/a xamais comprenderá o significado das palabras, nin a importancia de acceder ao código escrito.

A metodoloxía a seguir será pois:

-Facerlle comprender ao neno/a a importancia que ten o aprender a linguaxe escrita para comunicarse (como primeira forma de comunicación atoparemos o garabateo, o debuxo e os primeiros signos de grafomotricidade).

-Partir do proceso de maduración do alumnado.

-Estimular a importancia da escritura.

-Provocar unha aprendizaxe significativa, é dicir, partir do que xa saben para poder coñecer mellor outras cousas, implicar ao alumnado, motivalo a "aprender a aprender" sempre partindo dos coñecementos que ten o neno/a, para ir accedendo a outros novos.

-Unha globalización de aprendizaxes, é dicir, xuntar as estratexias para que o/a neno/a poida aprender mellor.

-O xogo, un dos principios de intervención educativa máis importante. Non esquezamos que o/a neno/a a estas idades aprende xogando e grazas a el consegue unha maior aprendizaxe.

É imprescindible que para que o/a neno/a lea e escriba, antes debe posuír un dominio oral. Hai que estimulalo/a e ensinarlle, primeiro na casa e logo na escola. Lembremos que o/a neno/a é un ser social que ten ansias de aprender. Unha vez dominada dita habilidade mediante os principios de interacción educativa (o xogo, aprendizaxe significativa e globalizada, o espazo, o tempo...), involucraremos ao neno/a no mundo da linguaxe escrita e da súa importancia.

O proceso de ensino/aprendizaxe da lectoescritura é un proceso continuado e complexo que se vai aprendendo ao longo de toda a vida académica.

Dende os primeiros días é necesario mergullar aos nenos/as no mundo da lingua escrita para que chegue a coñecer as funcións da representación escrita.

PRINCIPIOS BÁSICOS DA APRENDIZAXE LECTOESCRITURA.

Para traballar co neno/a o proceso lectoescritor debemos ter en conta as distintas etapas evolutivas polas que pasa:

-Etapa de escritura indiferenciada: O/a neno/a imita os aspectos formais e o acto de escribir das persoas adultas facendo garabatos, círculos, pauños e outras formas que non sexan debuxos. Sabe que debuxar é diferente de escribir.

-Etapa de escritura diferenciada: Durante este período os/as nenos/as realizan producións diferentes en cantidade ou en variedade de letras para representar palabras diferentes.

O/A neno/a fai as seguintes hipóteses sobre o funcionamento do código:

- ❖ **Hipótese de cantidade:** Cre que debe haber unha cantidade mínima de letras (tres ou máis) para que diga algunha cousa.
- ❖ **Hipótese de variedade interna:** Pensa que debe haber variación de letras porque moitas letras iguais non din nada.
- ❖ **Hipótese de variedade externa:** Considera que debe haber diferenzas entre escrituras para que digan cousas diferentes.

-Etapa de escritura silábica: Cando os/as nenos/as comezan a darse conta de que hai algunha relación entre a escritura e a pauta sonora, as súas producións pasan a estar controladas pola segmentación silábica da palabra.

Esta relación entre a escritura e a pauta sonora pode ser de dous tipos:

- ❖ **Silábica cuantitativa:** Por cada sílaba que o/a neno/a recoñece a nivel oral escribe unha letra, sen que teña valor convencional.
- ❖ **Silábica cualitativa:** Por cada sílaba que recoñece a nivel oral, o/a neno/a escribe unha letra e esta letra correspóndese co son convencional da consonante ou da vogal desta sílaba.

-Etapa de escritura silábica-alfabética: Os nenos/as empezan a escribir máis dunha letra por cada sílaba. Mesturan a hipótese silábica e a alfabética (a cada son correspóndelle unha grafía). Neste nivel a impresión que ten o adulto é que se deixaron letras porque á beira dunha palabra escrita segundo a convención do sistema podemos atopar outra segundo a hipótese silábica.

-Etapa de escritura alfabética: O/a neno/a fai unha análise alfabética exhaustiva e cando escribe establece a correspondencia entre sons e grafías.

Aínda que a aprendizaxe da lectoescritura dá lugar a múltiples controversias, pois dependendo do momento e das correntes psicopedagóxicas da época as solucións e remedios que se prescriben poden variar, si que é certo que hai "verdades" practicamente irrefutables e nas que hai unanimidade plena; entre estes principios destacan as seguintes:

a.- Todo método lector ha de ser de **tipo FONÉTICO**; é dicir, as letras deben nomearse polo seu son e polo seu nome.

b.- Así mesmo o tipo de método a seguir debese ser de **corte ANALÍTICO-SINTÉTICO**. Este tipo de método encadraríase dentro dos chamados **MIXTOS**; é dicir, non son nin plenamente globais nin sintéticos.

c.- Tipo de letra que utilizaremos:

En canto ao tipo de letra que utilizaremos no centro será sempre **para comezar A MAIÚSCULA** polas seguintes razóns:

- ❖ O seu trazado é máis fácil, mesmo para os/as nenos/as con menos habilidade manual.
- ❖ A discriminación de cada unha das letras realízase con maior facilidade ao non ir enlazadas.
- ❖ Socialmente é moito máis utilizada en carteis e anuncios con que os/as nenos/as se poidan atopar na rúa.

Cando o/a neno/a está practicamente alfabetizado introdúcese a letra **MINÚSCULA** a nivel de lectoescritura, aínda que en ningún momento se evita o manexo de textos escritos con outros tipos de letra dentro da aula, sempre que estea dentro do contexto.

d- Actividades para facilitar o paso da letra maiúscula á minúscula:

- ❖ Empezar co nome propio e os apelidos, copiándoos.

❖ Escribirlles os textos que eles escriban en maiúscula e en minúscula e que eles os copien.

❖ Pór letra minúscula á beira da maiúscula nun lugar visible da clase.

Axudarlles a realizar o trazado da minúscula facendo exercicios no encerado, dobre pauta.

A cada fonema de estudo débesele asignar un debuxo referente que o conteña foneticamente e que poida permitir o seu uso en asociación gráfica (asociar o /m/ a mamá) e onomatopeica (asubío da serpe para o fonema /s/), así como acompañar dalgún xesto complementario que sexa o máis natural posible.

e- Así como os fonemas estudaranse nunha orde determinada o mesmo sucederá cos grupos silábicos. Unha orde lóxica podería ser: 1º directas, 2º inversas, 3º mixtas e 4º sinfóns, aínda que tamén se pode adiantar o estudo das mixtas ás inversas.

Con todo, en nenos/as que non presenten dificultades na aprendizaxe da lecto-escritura, pódeseles instruír en cada fonema toda a gama de sílabas. De calquera forma, neste aspecto, será o profesor/a quen debe determinar a orde a seguir aínda que si parece recomendable que os sinfóns e as mixtas se estuden e repasen de forma específica, pois son os grupos silábicos nos que, polo xeral, máis dificultades atopan todos os nenos/as.

f- A metodoloxía a seguir debe ser de corte MULTISENSORIAL; é dicir, durante o estudo de cada fonema utilizar o maior número de canles sensoriais, pois se se recibe unha mesma información por distintas canles sensoriais é máis fácil asimilala e integrala. Estas canles poden ser:

- Táctil: tocar e recoñecer con ollos pechados, etc.

- Visual: uso de cores, debuxos asociados, discriminación visual,...etc.

- Auditivo: segmentacións silábicas, adestramento auditivo,...etc.

- Manipulativo: recortar letras, facelas en plastilina, trazalas no aire,...etc.

-Audio-vocal: esaxeración da articulación dos sons, xogos vocálicos e fonéticos, asimilacións onomatopeicas,...etc.

De entre todas estas canles, o máis importante a traballar será o audio-vocal e conseguintemente o adestramento auditivo.

g- Desde un primeiro momento a lectura debe ser **COMPENSIVA**, os/as nenos/as deben atopar sentido e utilidade ao ler; por tanto as palabras de uso deben ser do vocabulario usual do alumnado.

h.- Os factores **MOTIVANTES** serán os máis importantes a coidar, o que o/a neno/a queira e demande ler será a mellor forma de asegurar o éxito na aprendizaxe lectoescritora.

Unha aprendizaxe lectora aburrida, tediosa, mecánica, pouco significativa ao neno/a será á súa vez a mellor forma de dificultar a devandita aprendizaxe e de predispoñer aos nenos/as na súa contra.

PRESENTACIÓN DOS FONEMAS.

✘ Presentación do fonema e da correspondente grafía (letra). Asociar tanto o son como a grafía a un debuxo significativo que conteña no seu deseño o trazo da letra (o /s/ en serpe) e que o nome conteña o son (/m/ de mamá).

✘ Articular o son de forma esaxerada, facendo lectura labial e presentando asociacións onomatopeicas sempre que sexa posible. O profesor/a vai facendo as demostracións á vez que demanda do grupo as correspondentes repeticións dirixidas.

✘ Estudo gráfico da letra.

✘ Identificar o fonema e grafía da letra traballados.

✘ Facela no aire, sobre a mesa co dedo mollado en auga, repasar a letra escrita na lousa co dedo ata que se borre,..etc., todo iso cos ollos abertos ao principio e logo con eles pechados.

- ✘ Escribir sílabas, palabras e frases nas que apareza a letra traballada.
- ✘ Recortar, picar, colorear e encher a silueta da grafía.
- ✘ Moldeala en plastilina e logo repasala e nomeala cos ollos pechados.
- ✘ Repasar a lapis e a cores a silueta punteada da letra.
- ✘ Copiar a grafía no caderno a grandes trazos ao principio para logo pasar a trazos normais en pauta vixiando que a direccionalidade gráfica sexa a correcta.
- ✘ Identificala nun mosaico e discriminala respecto doutras grafías de trazo similar.
- ✘ Estudo auditivo do fonema. Utilizarase como estratexia a discriminación auditiva fonemas co punto de articulación similar , para desenvolver a percepción do contraste sonoro entre eles.
- ✘ Pasar ao estudo e recoñecemento silábico do fonema nas distintas combinacións.
- ✘ Estudo de palabras que conteñen o fonema. Palabras significativas para o/a neno/a e inicialmente bisílabas para facilitar a súa aprendizaxe. Este estudo consistirá en:
 - ✿ Lectura das devanditas palabras.
 - ✿ Copia.
 - ✿ Pór nome a debuxos
 - ✿ Palabras mutiladas e incompletas
- ✘ Compoñer na aula un mural cos distintos fonemas de estudo e os seus correspondentes debuxos ao que os/as nenos/as poidan recorrer para identificar os fonemas.

✘ Utilizar un alfabeto con letras de madeira co que os/as nenos/as poidan compoñer e descompoñer palabras en actividades de análise-síntese.

Nos primeiro e segundo niveis de primaria, no ensino-aprendizaxe das linguas, no ámbito destes niveis débese primar a linguaxe falada á escrita, especialmente no caso da Lingua Estranxeira.

Débense poder extrapolar os conceptos que se aprendan dunha lingua á/ás outra/s con respecto á lectoescritura, regras ortográficas, de puntuación, emprego de maiúsculas e minúsculas.

Na programación das actividades débense de ter en conta os intereses do alumnado, a contorna que os rodea e o momento evolutivo no que se atopan.

As actividades en grupo, equipo ou en parellas deben usarse, sempre que sexa posible, para favorecer a interacción entre os nenos/as e así manter un alumnado activo e participativo.

Dado a idade dos nenos/as, a clase de lingua estranxeira desenvolverase totalmente nesta lingua, xa que aínda é moi cedo para introducir conceptos e aspectos gramaticais e de sintaxe. Empregaranse apoios visuais e xestuais para reforzar a comprensión.

Priorizarase a aprendizaxe indutiva, na que se realiza un proceso que parte da observación e da análise dunha característica da lingua, ata a formulación dunha regra que explique tal característica.

Débese promover o uso dunha lingua sinxela e lóxica sen buscar fórmulas complicadas e rebuscadas que poidan dificultar a comunicación.

Para concluír dicir que se empregará o reforzo positivo.

De terceiro a sexto niveis de primaria, unha vez superados con éxito os niveis anteriores, os/as nenos/as deberán ir dándolle máis relevancia e traballar en maior medida, tanto a comprensión e expresión escritas, no que resta de etapa, aínda que sen deixar de lado a comprensión e expresión orais, que tanto se viñan traballando desde EI. Deste xeito, para levar isto a cabo, abordaremos os seguintes aspectos nas catro destrezas:

a) Comprensión oral

- Comprensión de información vinculada con ámbitos e cuestións da contorna próxima.
- Comprensión de instrucións sinxelas ao espazo (como

desprazarse dun lugar a outro...) e extrapolación á comprensión do funcionamento da vida escolar e a vida cotiá en xeral.

- Comprensión da idea global dunha exposición sobre cuestións vinculadas coa contorna.
- Comprensión da idea global de narracións breves.
- Identificación da idea global e/ou principal e doutras ideas secundarias nunha conversa

b) Expresión oral

- Descrición de: persoas, lugares. Obxectos, situacións, oficios, xogos...atendendo aos criterios de coherencia e cohesión no texto producido.
- Narración de historias persoais reais e /ou inventadas, seguindo unha secuencia lineal e considerando unha estrutura organizada con antelación.
- Expresión da idea global dun texto breve.
- Explicación das vantaxes e desvantaxes dun tema próximo ou dunha experiencia vivida.
- Exposición de cuestións, previamente traballadas, atendendo aos criterios de: claridade expositiva, fluidez articulatória, control da velocidade da fala...
- Respostas a preguntas concisas, trala escoita dunha exposición.
- Uso das diversas funcións da linguaxe para a comunicación, especialmente a función heurística, persoal, interactiva, reguladora e instrumental.
- Participación en diferentes conversas, empregando todos os elementos que apoian a comunicación e adaptándose ao interlocutor/a. Manterase a coherencia temática empregando recursos para xestionar a conversa.

c) Comprensión escrita

- Interpretación axeitada de letreiros e sinais.
- Dominio do código.

- Comprensión de textos adaptados á idade.
- Identificación de datos concisos en textos breves sobre feitos concretos. Tratarán contidos curriculares con vocabulario de uso frecuente.
- Recoñecemento de feitos e/ou sentimentos nun texto.
- Comprensión de normas e regras sinxelas en diversos xogos.
- Comprensión sobre a utilización de aparellos de uso cotiá.
- Localización de información específica requerida sobre diversos asuntos.
- Captación da idea global dun texto sobre temas experimentados por el/a e outros, tamén coñecidos, tratados con antelación

d) Expresión escrita

- Escritura de textos sinxelos, con coherencia, sobre temáticas de interese propio ou curriculares dentro do seu nivel de competencia.
- Capacidade para empregar diferentes tipos de textos en función da finalidade que teñan.
- Elaboración de diversos tipos de textos tendo en conta as características de cada un deles.
- Respecto das normas ortográficas en función da idade.

9.- LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva. Hai que ter en conta que se pode utilizar calquera das dúas linguas oficiais de Galicia.

10.- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso do alumnado que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro eslabón na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, éste recurrirá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte do profesorado teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais. Por outro lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal o alumnado que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

Por último, tendo en conta que practicamente a totalidade do alumnado do noso centro é galegofalante destacar que o alumnado que descoñezan a lingua galega estarán inmersos nun contexto que favorecerá a rápida adquisición da mesma, especialmente no plano oral.

11.- AVALIACIÓN.

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser avaliado polo Consello Escolar. Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tiren expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, avaliará o Proxecto Lingüístico. Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Sé é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

12.- ANEXO.

- Pregunta para as familias do alumnado de 4º educación infantil, con nota informativa do centro.



ANEXO

CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Dona como pai, nai ou titor ou titora legal do
alumno/a, responde a seguinte cuestión:

Cal é a lingua materna do seu fillo ou filla?

Galego Castelán

Asinado: _____

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral desta consellería como responsable do ficheiro.

CUESTIONARIO PARA LAS FAMILIAS DEL ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Doña como padre, madre o tutor o titora legal
del alumno/a, matriculado/a en el curso de educación
infantil, responde a la siguiente cuestión:

¿Cuál es la lengua materna de su hijo o hija?

Gallego Castellano

Firmado: _____

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 5 de la Ley orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter personal, le informo de que los datos personales recogidos en esta solicitud, se incorporarán a un fichero, para su tratamiento, con la finalidad de la gestión de este procedimiento. Usted puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición previstos en la ley, mediante un escrito dirigido a la Secretaría Xeral de esta consellería como responsable del fichero.

*Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria
CEIP Plurilingüe de Outes
Praza de Galicia s/n. 15230 – Serra de Outes
Tfno: 881866840
ceip.outes@edu.xunta.es*

NOTA INFORMATIVA:

A ENQUISA SOBRE A LINGUA EN EDUCACIÓN INFANTIL

Xunto á documentación para formalizar a matrícula na etapa de Educación Infantil, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria envía unha enquisa na cal se pregunta pola lingua materna do neno ou da nena. As dúas opcións que se ofrecen son castelán ou galego.

As familias debes saber que **o resultado da devandita enquisa establece a lingua que se vai empregar na aula durante os tres cursos da etapa de Educación Infantil.**